

PLAN ANUAL DE

LECTURA 2020/

2021

1. Obxectivos.

Para o curso 2020/2021 este Plan Anual de Lectura ten como obxectivo principal dar un pulo importante a biblioteca escolar para chegar a convertela no eixe do centro educativo. Para acadar esa meta principal, propómonos varios obxectivos:

- Potenciar a utilización da biblioteca escolar e integrala na organización do centro (actividades, programación...) para contribuír a mellora da competencia lectora e o fomento do hábito lector.
- Reorganizar o espazo e os materiais da biblioteca escolar para enriquecer a experiencia lectora e motivar o uso deste recurso.
- Favorecer a formación do profesorado para mellorar a calidade da biblioteca escolar.
- Espertar o interese da comunidade educativa na lectura e na utilización crítica dos fondos de biblioteca.
- Fomentar o tratamento da información coa finalidade de desenvolver a competencia ALFIN.

2. Organización de recursos.

a. Espaciais

A biblioteca escolar goza dun espazo algo reducido, de aí que se pretenda establecer unha biblioteca distribuída con novas seccións en outros espazos. Na actualidade confórmase por zona de xestión e préstamo, de lectura informal e en pequeno grupo, traballo en gran grupo, espazo creativo, recuncho informático cun ordenador e tamén existe en cada aula unha biblioteca cos recursos adaptados (nivel lector, temáticas relacionadas coas pequenas investigacións que realizan...) ao grupo concreto desa titoría. Este ano escolar non se facilitará o espazo para as familias, nin o servizo bibliopatio.

b. Temporais

O horario de apertura da biblioteca é o seguinte:

LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
RECREO 10:55 a 11:25	RECREO 11:50 a 12:20	RECREO 11:50 a 12:20	RECREO 11:50 a 12:20	RECREO 10:55 a 11:25

c. Materiais

A biblioteca acolle unha gran cantidade de material informativo: libros, revistas, materiais de produción propia... A nivel tecnolóxico contaremos cunha tableta e un portátil para o alumnado e outro portátil para a xestión dos recursos da biblioteca.

d. Humanos

En canto aos recursos humanos, estes abranguen o equipo de biblioteca composto por 7 persoas, incluíndome a min como coordinadora. Este curso non haberá grupo de voluntariado.

3. Liñas de actuación

As liñas prioritarias de actuación este curso van ser:

- Seguir rexistrando todos os nosos recursos de biblioteca no Meiga.
- Actualizar recursos audiovisuais.
- Compensar a porcentaxe 40% de libros de ficción e 60% de libros informativos.
- Organizar unha biblioteca con mobles máis móbiles.
- Incluír novos recursos tecnolóxicos.

- Crear 2 espazos que favorezan a calidade da biblioteca escolar.
- Promover actividades que motive á comunidade educativa a achegarse á biblioteca.

4. Rutinas de lectura

Dentro das actividades propostas para este ano escolar, as rutinas de lectura ideadas son:

- *A Hora de ler* levarase a cabo 30 minutos ao día no momento que o/a titor/a considere idóneo.

5. Itinerarios lectores

Os itinerarios lectores que se realizarán neste curso serán concretados por trimestres. Algúns deles virán acompañados de encontros cos/as escritores/as dos respectivos libros. Aínda non temos concretado as lecturas porque estamos á espera da dispoñibilidade dos/as escritores/as para realizar encontros virtuais.

6. Actividades programadas e temporizadas

A continuación especificaranse as actividades organizadas para este curso escolar e a súa temporalización.

Actividades	Desenvolvemento	Temporalización
<i>Formación de usuarios</i>	Realizaranse actividades que favorezan un incremento do coñecemento da biblioteca e unha mellora na soltura para moverse por ela, cos respectivos recursos que acolle.	1º, 2º e 3º trimestre
<i>Catalogación</i>	Rexistraranse todos os materiais da biblioteca no Meiga.	1º, 2º e 3º trimestre

<i>Préstamo para EI e EP</i>	Durante os recreos o alumnado de primaria pode ir a biblioteca a coller libros en préstamo. Da mesma forma, o alumnado de infantil terá a mesma oportunidade.	1º, 2º e 3º trimestre
<i>Andeis temáticos</i>	Elaboraranse andeis temáticos que exporán material da biblioteca relacionado con ese momento. Por exemplo, haberá un estante sobre Samaín, Nadal...	1º, 2º e 3º trimestre
<i>Hora de ler</i>	Disporase de 30 minutos diarios para realizar a <i>hora de ler</i> en cada aula.	1º, 2º e 3º trimestre
<i>Hora de biblioteca</i>	Cada aula terá unha sesión durante o horario lectivo, para que se achegue co seu alumnado a facer actividades dentro da biblioteca.	1º, 2º e 3º trimestre
<i>Encontros con escritores/as</i>	Teremos a visita dalgúns/has escritores/as relacionados cos itinerarios lectores que imos seguir durante este curso. De xeito que sirva como ferramenta motivadora para a lectura.	2º trimestre
<i>Caixa dos contos</i>	Haberá dúas caixas por aula. Unha con 25 libros de distinta temática e estilo (cómic, narrativa, poesía...). Estes exemplares escolleraos o/a titor/a segundo as necesidades que teña e convivirá co alumnado mensualmente. A outra caixa será para deixar os libros en corentena, na clase.	1º, 2º e 3º trimestre

<i>Mes da ciencia en galego nas bibliotecas</i>	Farase un estante temático relacionado coa ciencia na primeira quincena do mes, e facilitaráselle ás aulas un symbaloo con enlaces con experimentos. Cada aula debe escoller un, facelo e logo facer unha redacción en grande grupo para explicar os pasos que se deben seguir, ademais de acompañalo de imaxes ou debuxos.	1º trimestre
<i>Día da biblioteca</i>	Realizarase un concurso de relato curto onde teñan que contar unha aventura que ocorra dentro da biblioteca. A cada participante faráselle entrega dun diploma e o/a alumno/a ou clase gañadora entregaráselle un libro.	1º trimestre
<i>Día do libro</i>	Realizarase un mercado solidario co material expurgado.	3º trimestre

7. Ler en familia. Actividades para a implicación das familias

A implicación das familias no proceso de ensinanza e aprendizaxe do alumnado é algo esencial para favorecer e enriquecer a experiencia educativa dos/as nenos/as. A pesar de que neste curso as actividades que favorecían a súa implicación van ser máis limitadas, buscarase que formen parte deste espazo informándoas das novidades, facendo recomendacións lectoras, a través do préstamo dos/as seus/súas cativos/as...

8. Seguimento e avaliación

A avaliación sempre é necesaria xa que ten como finalidade mellorar e enriquecer as metas propostas. Neste caso, en relación coa biblioteca, o noso obxectivo é avaliar as actuacións previstas para este curso escolar 2019/2020, ademais da implicación da comunidade educativa.

Os momentos para avaliar son o inicial, realizado ao principio de curso para valorar o realizado no curso anterior e o que se quere chegar a acadar neste curso actual; o continuo, sendo a finais de cada trimestre para estimar como está desenvolvéndose todo o programado na biblioteca; e o final, para avaliar a consecución dos obxectivos propostos, en canto a súa organización, interese xerado, implicación por parte da comunidade educativa, etc.

A técnica a empregar será a observación directa e sistemática e o instrumento de referencia será a escala de observación e estimación. Cada membro do equipo de biblioteca avaliará os distintos indicadores que, tralo seu contraste de respostas, servirán para mellorar ou desestimar as actividades no vindeiro curso 2020/2021.